Segundo confirmou esta mañá a concelleira da área de Educación, Cultura e Festexos, Emilia Somoza, son dez os colectivos que traballaron na elaboración das tradicionais coplas dos Maios. Ao igual co ano pasado, Verín celebrará esta senlleira festa mantendo a elaboración dos versos pero adaptados e optimizados para a súa lectura e difusión a través de internet e dispositivos móbiles.

Somoza quixo destacar o «extraordinario esforzo e a implicación» que continúan a demostrar todos os colectivos participantes
«posibilitando, gracias seu gran traballo, que entre todos e todas manteñamos viva a esencia desta tradicional festa no actual contexto de limitacións provocado pola pandemia da Covid-19».

A concelleira de Festexos tamén agradeceu o «altruísmo e compromiso social das asociacións que, ao igual q os colexios e institutos que elaboran as coplas, non recibirán este ano ningún tipo de contraprestación por participar»

, permitindo así que o Concello poida doar íntegra a cantidade orzamentada para os Maios ao programa de atención ás necesidades básicas de persoas da comarca de Verín do C.D.R. Portas Abertas.

Os colectivos que están a elaborar coplas son os seguintes: IES Xesús Taboada Chivite, Colexio Plurilingüe María Inmaculada,
o
Colexio Apostólico Mercedario, o CEIP Princesa de España,
o
CEIP Amaro Refojo e o CRA Monterrei;
e
pola Asociación de Mulleres Rurais Flor da Xesta, o Conservatorio de Música de Verín, o Maio dos Patos
e, como xa vén sendo habitual neste Certame en lembranza da persoa que recuperou a tradición dos Maios en Verín, da
Asociación Verinense de Amigos da Música.

A Celebración dos Maios en tempos de Covid-19

Ao non ser posible a venda das coplas e a recadación de fondos solidarios para as asociacións participantes, así como a elaboración dos Maios Florais, debido ás restricións derivadas do actual situación sanitaria provocada pola pandemia, o Concello de Verín

mantén o formato creado a pasada edición, destinando a cantidade orzamentada para devanditos festexos a fins solidarios.